

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTECESO

Intervención - Tesouraría

Aprobación definitiva das modificacións das ordenanzas fiscais números 1; 7 e 19

EDICTO

No Pleno do Concello celebrado o 25 de novembro de 2013 tivo lugar a aprobación definitiva dos seguintes puntos:

- modificación da Ordenanza fiscal núm. 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles
- modificación da Ordenanza fiscal núm. 7 reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos
- modificación da Ordenanza fiscal núm. 19 reguladora da taxa por utilizar as instalacións deportivas e/ou culturais e por prestar servizos deportivos, culturais e/ou turísticos

Ponteceso, 26 de novembro de 2013

O alcalde

José Luis Fondo Aguiar

ANEXO:

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

A modificación do artigo 8.2.a) e 8.2.b) da ordenanza fiscal nº 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles de xeito que a súa redacción sexa do seguinte literal:

“2.De conformidade co previsto no artigo 72 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles, aplicable neste municipio, queda fixado nos términos que se establecen a continuación:

- a) O tipo de gravame do imposto sobre bens inmóbles aplicable ós bens urbanos queda fixado no 0,55 por cento.
- b) O tipo de gravame do imposto sobre bens inmóbles aplicable ós bens rústicos queda fixado no 0,65 por cento.

....”

2.- A modificación da disposición final da ordenanza fiscal nº 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles de xeito que a súa redacción sexa do seguinte literal:

“A presente ordenanza fiscal foi aprobada en sesión plenaria celebrada o día vinte e oito de febreiro de dous mil oito.

O artigo 9.2.a) foi rectificado, visto un erro na súa redacción, na sesión plenaria de 26 de maio de 2008, rectificación publicada no BOP número 134 de 12 de xuño de 2008.

Foi modificada posteriormente segundo acordo plenario de 30 de xullo de 2012.

A presente modificación foi aprobada polo Pleno do concello en sesión celebrada o día 30 de setembro de 2013. Entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2014, logo da súa publicación no B.O.P, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación.”

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 7 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

A modificación do artigo 6.1) da ordenanza fiscal nº 7 reguladora da Taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos de xeito que a súa redacción sexa do seguinte literal:

“1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade ñxa anual, por unidade de local, que determinará o Concello segundo a natureza e o destino dos inmobles e da categoría do lugar, da praza, da rúa, ou da vía pública onde estean emprazados. A cantidade derivará da aplicación da seguinte tarifa:

Epígrafe 1.-Vivendas.

- 1.1. Vivendas destinadas a domicilio de carácter familiar, con prestación do servizo diaria: 76,50 euros cada unha.
- 1.2. Vivendas destinadas a domicilio de carácter familiar, con prestación do servizo en días alternos: 63,75 euros cada unha.

Epígrafe 2.-Hostalaría.

2.1. Aloxamentos:

- a) Establecementos para aloxamento de ata 10 prazas: 76,5000 euros.
- b) Establecementos para aloxamento de 11 a 40 prazas: 137,73 euros.
- c) Establecementos para aloxamento de máis de 40 prazas: 358,08 euros.

2.2. Establecementos de restauración: restaurantes e casas de comidas: 165,75 euros.

2.3. Bares, cafés, cafeterías e tabernas: 146,63 euros.

2.4. Cafés-especiais, bares-especiais, “pubs”, discotecas, salas de festa e similares: 358,08 euros.

2.5. Establecementos de espectáculos: cines, teatros e similares: 137,73 euros.

Epígrafe 3.-Establecementos de alimentación.

a) Peixarías, panadarías, carnizarías, pequenos supermercados, economatos de cooperativas de ata 100 m2 e outros establecementos de alimentación e semellantes de ata 100 m2: 137,73 euros.

b) Supermercados, economatos, cooperativas e outros establecementos de alimentación de roáis de 100 m2 ata 300 m2: 275,49 euros.

c) Supermercados, economatos, cooperativas e outros establecementos de alimentación de máis de 300 m2 ata 500 m2: 550,88 euros.

d) Supermercados, economatos, cooperativas e outros establecementos de alimentación de máis de 500 m2: 826,31 euros.

Epígrafe 4.-Establecementos industriais ou mereantís.

a) Industrias e talleres en xeral: 137,73 euros.

b) Comercio en xeral: 137,73 euros.

c) Outros establecementos non expresamente tarifados: 137,73 euros.

Epígrafe 5.-Servizos.

a) Centros de oficinas, despachos, bancos ou semellantes: 137,73 euros.

b) Farmacias, centros sanitarios e semellantes: 137,73 euros.

c) Centros de ensino, colexios: 137,73 euros.

d) Entidades en ánimo de lucro que acrediten a súa finalidade como tal: 30,60 €

e) Garaxes e comunidades de propietarios: 30,60 €

f) Outros establecementos non expresamente tarifados: 137,73 euros..”

2.- A modificación da disposición final da ordenanza fiscal nº 7 reguladora da Taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos de xeito que a súa redacción sexa do seguinte literal:

“A presente ordenanza fiscal foi aprobada en sesión plenaria celebrada o día vinte e oito de febreiro de dous mil cinco.

Foi modificada posteriormente segundo acordo plenario de 30 de xullo de 2012.

A presente modificación foi aprobada polo Pleno do concello en sesión celebrada o día 30 de setembro de 2013. Entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2014, logo da súa publicación no B.O.P, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación”

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 19 REGULADORA DA TAXA POR UTILIZAR AS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E/ OU CULTURAIS E/OU TURÍSTICOS

A modificación do artigo 5 da ordenanza fiscal nº 19 reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas e/ ou culturais municipais e pola prestación de servizos deportivos, culturais e/ou turísticos nos seguintes termos:

“A contía da taxa determinarase aplicando as tarifas seguintes:

Epígrafe 1. Utilización dos pavillóns polideportivos.

1.a. Aluguer para usar libremente os pavillóns polideportivos:

Empadroados/as: 10,20 €/hora.

Non empadroados/as: 15,30 €/hora.

1.b. Aluguer para adestramentos de clubs ou entidades de equipos federados:

Rexistrados no Concello: 3,06 €/hora.

Non rexistrados no Concello: 5,10 €/hora.

1.c. Aluguer para a competición federada de clubs ou entidades:

Rexistrados no Concello: sen cobrar a entrada: 3,06 €/hora.

Cobrando a entrada: 5,10 €/hora.

Non rexistrados no Concello: sen cobrar a entrada: 5,10 €/hora.

cobrando a entrada: 8,16 €/hora.

*O aluguer mensual terá unha bonificación do 20% sobre as taxas anteriores.

1.d. Uso puntual das duchas pola actividade non realizada na instalación:

Persoas, colectivos ou entidades empadroadas ou rexistradas no Concello:

Grupos de menos de 10 persoas: 15,30 €/día.

Grupos de 10 a 19 persoas: 30,60 €/día.

Grupos de 20 a 29 persoas: 51,00 €/día.

Grupos de 30a 49 persoas: 76,50 €/día.

Grupos de 50 a 99 persoas: 127,50 €/día.

Grupos de 100 a 199 persoas: 255,00 €/día.

Grupos de máis de 200 persoas: 408,00 €/día.

Persoas, colectivos ou entidades non empadroadas ou non rexistradas no Concello: o dobre de cada categoría anterior.

1.e. Pasar a noite na instalación debido a actividade deportiva, cultural ou turística organizada por entidades ou colectivos:

Rexistrados no Concello:

Grupos de 10 ou menos persoas: 30,60 €/día.

Grupos de 10 a 19 persoas: 61,20 €/día.

Grupos de 20 a 29 persoas: 91,80 €/día.

Grupos de 30 a 49 persoas: 153,00 €/día.

Grupos de 50 a 99 persoas: 306,00 €/día.

Grupos de 100 a 199 persoas: 612,00 €/día.

Grupos de máis de 200 persoas: 918,00 €/día.

Non rexistrados no Concello: o dobre de cada categoría anterior.

1.f. Estancia puntual na instalación por entidades ou colectivos:

Rexistrados no Concello:

Grupos de 10 ou menos persoas: 10,20 €/día.

Grupos de 10 a 19 persoas: 20,40 €/día.

Grupos de 20 a 29 persoas: 30,60 €/día.

Grupos de 30 a 49 persoas: 51,00 €/día.

Grupos de 50 a 99 persoas: 102,00 €/día.

Grupos de 100 a 199 persoas: 204,00 €/día.

Grupos de máis de 200 persoas: 306,00 €/día.

Non rexistrados no Concello: o dobre das categorías anteriores

1.g. Maratóns deportivos organizados por entidades ou colectivos:

Rexistrados no Concello: 153,00 €/día.

Non rexistrados no Concello: 306,00 €/día.

1.h. Actos extraordinarios organizados por entidades ou colectivos, festivais ou espectáculos de carácter profesional:

Rexistrados no Concello:

Sen cobrar a entrada: 51,00 €/día.

Cobrando a entrada: 102,00 €/día.

Non rexistrados no Concello:

Sen cobrar a entrada: 102,00 €/día.

Cobrando a entrada: 408,00 €/día.

1.i. Publicidade estática nos pavillóns polideportivos: 51,00 €/ano por cada m2 de panel publicitario.

Epígrafe 2. Uso doutras instalacións culturais por entidades ou colectivos:

Rexistrados no Concello:

Sen ánimo de lucro: 5,10 €/hora.

Con ánimo de lucro 10,20 €/hora.

Non rexistrados no Concello: o dobre das categorías anteriores

Epígrafe 3. Escolas culturais e deportivas.

3.a. Inscripción nunha única escola cultural ou deportiva:

25,50 €/curso para os/as empadroados/as

35,70 €/curso para os/as non empadroados/as

3.b. Por cada inscrición adicional noutra escola:

10,20 €/curso para os/as empadroados/as

15,30 €/curso para os/as non empadroados/as

*20% de bonificación nos maiores de 70 anos e para segundos/as, terceiros/as... irmás/áns inscritos/as.

Epígrafe 4. Actividades para adultos/as.

4.a. Actividades dunha vez por semana:

Empadroados/as: 25,50 €/curso.

Non empadroados: 35,70 €/curso.

4.b. Actividade de dúas veces por semana:

Empadroados/as: 30,60 € no mes de outubro e 30,60 € no mes de febreiro

Non empadroados/as: 40,80 € no mes de outubro e 40,80 € no mes de febreiro

4.c. Actividade de tres ou máis veces por semana:

Empadroados/as: 35,70 € no mes de outubro e 35,70 € no mes de febreiro

Non empadroados/as: 45,90 € no mes de outubro e 45,90 € no mes de febreiro

4.d. Cursos de formación:

Empadroados/as: de duración menor a 15 horas: 10,20 €/curso.

De duración de 15 a 40 horas: 20,40 €/curso

De duración de 41 a 60 horas: 30,60 €/curso

De duración maior a 60 horas: 40,80 €/curso

Non empadroados/as: o dobre

*O material necesario para os cursos será costeado polo usuario/a.

Epígrafe 5. Saídas con uso de autobús

Empadroados/as: pagarán o 1,5% do presuposto total do transporte pola viaxe de ida e volta

Non empadroados/as: pagarán o 2% do presuposto total do transporte pola viaxe de ida e volta.

Epígrafe 6. Outras actividades.

6.a. Con despacho de billetes (actuacións ou eventos en interior ou auditorio).

Espectáculo non profesional: 1,53 €/entrada.

Espectáculo profesional 3,06 € /entrada.

6.b. Para aqueles/as usuarios/as que non estean inscritos/as nalgunha actividade anual (paralela ao curso escolar), pois senón sería gratuito, e realicen actividades que non estean reguladas anteriormente:

Empadroados/as: 1,02 €/día, cun máximo de 10,20 € por actividade.

Non empadroados/as: 2,04 €/día, cun máximo de 20,40 € por actividade.

* Aplicarase un 50% de desconto (non acumulable con outros) na tarifa total naqueles casos nos que se acredite que na unidade de convivencia familiar entran uns ingresos mensuais inferiores ao IPREM. Tal circunstancia será avaliada polos Servizos Sociais do Concello, previa a correspondente achega de documentación.

Non obstante o disposto no presente artigo e previa resolución da Alcaldía, o importe da taxa por utilizar as instalacións deportivas e/ou culturais municipais e por prestar servizos deportivos, culturais e turísticos será 0,00 € nos seguintes supostos:

1. Actos ou eventos que organice ou promova o Concello de Ponteceso.
2. As actividades das comunidades escolares dos centros docentes do Concello para actos propios da súa finalidade educativa.
3. Para celebrar campionatos escolares onde participen rapaces/zas escolarizados/as no Concello.
4. As competicións deportivas federadas, de base e do deporte en idade escolar.”

2.- A modificación da disposición final da ordenanza fiscal nº 19 reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas e/ou culturais municipais e pola prestación de servizos deportivos, culturais e/ou turísticos de xeito que a súa redacción sexa do seguinte literal:

“A presente ordenanza fiscal foi aprobada en sesión plenaria celebrada o día trinta de xullo de 2012.

Foi modificada en sesión celebrada o día 30 de setembro de 2013.

Entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no B.O.P., permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación.”

2013/14947